



# Os Historiadores da Arte queremos explicar os Monumentos

Xornada reivindicativa da Historia da Arte no Día Internacional dos Monumentos e Sitios Históricos.  
18 de abril de 2017

Co motivo da celebración do Día Internacional dos Monumentos e Sitios promovido polo ICOMOS, a Asociación Profesional Española de Historiadores del Arte (Aproha) impulsou a realización dunha xornada reivindicativa dos e das profesionais da Historia da Arte, agrupando a un numeroso colectivo de historiadores e historiadoras da arte de toda España, que conta co respaldo do citado organismo internacional. A Sección de Historia da Arte (Sehag) do Ilustre Colexio de Doutores e Licenciados en Filosofía, en Letras e en Ciencias de Galicia (CDLG) en colaboración co Departamento de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela (USC) secundan a convocatoria e acollen o evento en Galicia.

A xornada vai precedida da campaña "Autoexplícate un Monumento" nas redes sociais cos cancelos [#sonhistoriadoraarte](#)/[#soyhistoriadordearte](#). Aproha e Sehag convidan a historiadores/as da arte e calquera persoa que secunde a convocatoria a realizar "selfies" ou vídeos diante dun monumento cos diferentes carteis reivindicativos, realizados para a ocasión,. Os carteis están á disposición dos interesados na páxina web do CDLG.

Ás **12 h. do día 18 de abril** terá lugar a lectura do **manifesto promovido por Aproha** simultaneamente en todas as cidades españolas participantes da xornada. As concentracións en Galicia terán lugar nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo.

As actividades culturais previas e posteriores ao acto serán realizadas por historiadores da arte especializados nos bens culturais que formarán parte dos itinerarios culturais propostos para visitas abertas á cidadanía e de balde.

## **Xornada reivindicativa da Historia da Arte no Día Internacional dos Monumentos e Sitios Históricos.**

**18 de abril de 2017**

### **PROGRAMACIÓN GALICIA**

<b>Horario</b>	<b>SANTIAGO DE COMPOSTELA</b>	<b>LUGO</b>
<b>11:00</b>	Visita ao Paraninfo da USC. (Libre e de balde)  Profesor Juan M. Monterroso	
<b>12:00</b>	<b>LECTURA MANIFESTO APROHA</b> Santiago de Compostela: Paraninfo USC Lugo: Praza de Santa María	
<b>12:15</b>	<b>Itinerario cultural “Patrimonio, urbanismo e Igrexa en Compostela”</b>  Itinerario: San Fiz de Solovio, Santa María Salomé, San Martiño Pinario (Fachada igrexa, fachada e claustro do misterio) e Igrexa das Ánimas Investigadores da USC participantes: Paula Pita, Marina Garzón, Uxía Pérez, Milena Cortés e Carla Fernández	<b>Itinerario cultural “Topografía sacra do conxunto episcopal lucense”</b>  Itinerario: Praza de Sta. María (basilica paleocristiá/piscina bautismal), exterior (urbanismo e espazos civís) e interior da catedral de Lugo. Carolina Casal, conservadora do Museo Diocesano Catedralicio de Lugo. Marcos Callés, doutorando USC.